

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE COGNITIVA NA CONTORNA SANITARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 24.07.2026 coa Federación Autismo Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 25.07.2026 ata o 31.12.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio *o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento de actividades de divulgación e sensibilización dende a Federación Autismo Galicia encamiñadas a facilitar o achegamento ao sistema sanitario daquelas persoas con problemas específicos de comunicación como son as persoas autistas.*

Os obxectivos son os seguintes:

- *Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.*
- *Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA.*
- *Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA.*
- *Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.*



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que, dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Que o Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024, prorrogado na actualidade, establece no seu eixe 1: Participación, autonomía e sensibilización accións de sensibilización á cidadanía para a inclusión social das persoas con trastorno mental e de promoción dos dereitos das persoas con discapacidade.

Que entre as actividades da Federación Autismo Galicia, que agrupa diversas entidades e organizacións da nosa Comunidade autónoma adicadas especificamente ao ámbito das persoas con trastorno do espectro autista (TEA), atópanse aquelas que teñen como finalidade a información, valoración e asesoramento ás persoas con TEA e ás súas familias, así como actividades relacionadas coa sensibilización, información e difusión deste trastorno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O xerente do Servizo Galego de Saúde
Luís Ángel León Mateos

